



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño
Teléfono: 886 110392
Correo electrónico: ies.pinomanso@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

IES Pino Manso

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

IES PINO MANSO

2020-2021



IES Pino Manso

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

A maioría destas actividades varían cada curso escolar e están normalmente condicionadas polo custo adicional que supón. Intentarase a contratación dun grupo de teatro especializado na ensinanza do inglés para distintos niveis así como realizar sesións de "Contacontos Inglés-Galego". Outra proposta é a asistencia ao centro dun relator nativo que dea unha charla sobre algún tema de interese para o alumnado individualmente e en pequenos grupos, os alumnos poderán buscar información en inglés en páxinas web para a realización de traballos sobre personaxes e temas que esperten o seu interese.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

PRINCIPAIS ACTIVIDADES PROPOSTAS

1º TRIMESTRE:

CAMPIONATO DE FUTBITO DOS RECREOS

1º/2º/3º/4º ESO

1º/2º BACHARELATO

1º/2º FP BÁSICA.

CAMPO DE FUTBITO

ROTA CICLISTA EN VALENÇA

1º ESO

VALENÇA-VILANOVA DA CERVEIRA

DESCENSO DO MIÑO EN PIRAGUA

4º ESO

CALDELAS-TUI

ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO MAGOSTO

1º/2º ESO

MORTE SÚBITA, CARREIRAS DE SACOS, SOGA

INICIACIÓN Ó SURF.

2º ESO

PRAIA DE PATOS

SEMANA BRANCA.

2º/3º ESO

JACA (HUESCA)

ORIENTACIÓN URBANA

3º ESO

CASCO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA

CARREIRA POLA IGUALDADE

1º/2º/3º/4º ESO

1º/2º BACHARELATOS

1º/2º FP BÁSICA

INMEDIACIÓN DO IES



IES Pino Manso

<p>TIRA.</p> <p>PISTAS POLIDEPORTIVAS</p> <p>FINALES DO CAMPIONATO DE FUTBITO</p> <p>ULTIMO DÍA DO TRIMESTRE NO PAVILLÓN MUNICIPAL.</p> <p>CHARLA/ MONOGRAFICO ARTES ESCÉNICAS</p> <p>3º/4º ESO</p> <p>1º/2º BACHARELATOS</p> <p>1º/2º FP BÁSICA</p> <p>XIMNASIO</p> <p>MONOGRÁFICO DE TIRO CON ARCO</p> <p>1º/2º ESO</p>	<p>TORNEOS FINALES DE BÁDMINTON</p> <p>1º/2º/3º/4º ESO</p> <p>1º/2º BACHARELATOS</p> <p>PAVILLÓN MUNICIPAL.</p> <p>MONOGRÁFICO BÁDMINTON</p> <p>1º/2º/3º/4º ESO</p> <p>CLUB BADMINTON AS NEVES</p> <p>PAVILLÓN MUNICIPAL</p> <p>VISITA A BALAIOS E PATINAXE SOBRE XEO</p> <p>1º ESO</p> <p>VIGO</p>
<p><u>2º TRIMESTRE:</u></p> <p>CAMPIONATO DE BALONCESTO 3X3 MIXTO</p> <p>1º/2º/3º/4º ESO</p> <p>1º/2º BACHARELATO</p> <p>1º/2º FP BÁSICA</p> <p>PISTAS POLIDEPORTIVAS</p>	<p><u>3º TRIMESTRE:</u></p> <p>SENDEIRISMO E XOGOS NA PRAIA</p> <p>1º BACHARELATO</p> <p>MONTEFERRO- PRAIA AMÉRICA</p> <p>CABO UDRA- BUEU</p> <p>TORNEO DE VOLEIBOL 4X4</p> <p>1º/2º/3º/4º ESO</p> <p>1º/2º BACHARELATOS</p> <p>1º/2º FP BÁSICA</p> <p>PISTAS POLIDEPORTIVAS</p> <p>SESIÓNS DE CROSSFIT</p> <p>1º BACHARELATO</p> <p>XIMNASIO CÓRPORE</p> <p>GIMCANA FINAL DE CURSO</p> <p>1º ESO</p>



IES Pino Manso

	PISTAS POLIDEPORTIVAS
	VISITA Ó INEF DE PONTEVEDRA E XOGOS NA PRAIA
	2º BACHARELATO
	PONTEVEDRA
	VISITA Ó TAFAD DE CANGAS E XOGOS NA PRAIA
	4º ESO
	CANGAS

DEPARTAMENTO LINGUAS CLÁSICAS

O departamento de Linguas Clásicas gusta de organizar actividades extraescolares e viaxes de contido cultural, aínda que este ano, por mor da situación sanitaria, probablemente non sexa posible levar a cabo ningunha das actividades que adoitamos organizar. De todos xeitos, se é posible, contemplamos a posibilidade de organizar as seguintes:

ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN	ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDA
Asistencia a unha representación do Festival de Teatro Clásico en Ourense ou Lugo (segundo dispoñibilidade de entradas)	Segundo programación	Alumnado de latín e cultura clásica
Visita ao castro de San Cibrán de Lás (aproveitando a saída ao teatro) e ao casco vello de Ourense (ponte romana). Contémplase a posibilidade de organizar a visita exclusivamente ao parque arqueolóxico, en caso de que non se organice o festival de teatro clásico ou non se considere adecuado		



IES Pino Manso

asistir a el.		
Visita ao castro de Viladonga (aproveitando a saída ao teatro) e ao casco vello de Lugo (muralla)		
Visita aos xacementos romanos de Vigo (Villa de Toralla, Museo Quiñones de León. Castro...)	maio	Alumnado de latín e cultura clásica

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Este ano non sabemos realmente que actividades complementarias será posible realizar. Tanto a asistencia a concertos como a participación en festivais, saídas, talleres e demais estará condicionada polo que permita a normativa sanitaria que estea vixente en cada momento. Non descartamos por tanto ningunha das habituais doutros anos aínda que non contamos con que sexa posible realizar moitas.

Estas actividades, como figura no apartado referido á avaliación, son avaliáveis e suxeitas á oferta ao longo do curso:

Música

- Asistencia á concertos didácticos que se organicen desde diferentes institucións.
- Concertos do alumnado ao longo do curso co repertorio traballado
- Participación no Entroido.
- Participación en proxectos que se organicen dende distintas institucións.
- Conferencias no instituto relacionadas coas temáticas traballadas.
- Saídas didácticas: estudio de radio ou de gravación, obradoiro dun luthier, escolas de música



IES Pino Manso

Investigación e tratamento da Información. ID

- Xincanas de procura de información na biblioteca do centro.
- Calquera actividade que se oferte ao longo do curso que teña que ver co noso proxecto.
- Obradoiros de Alfabetización informacional ofertados pola biblioteca municipal de O Porriño.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

As rutinas didácticas en tempos de pandemia volveron a docencia un exercicio de risco. O risco está presente polos corredores cando non mantemos a suficiente distancia e nas aulas cando nos contaxiamos a impaciencia. Nun ano tan duro como o deste curso 2020-2021 preséntasenos como imprescindible a programación de propostas que liberen o alumnado dunha cotiandade pseudo-carceraria. Todo o que sexa saír, tanto se esta saída é física como se é virtual ou mesmo se é unha saída metodolóxica, ha de servir como válvula de escape, como físgoa pola que deixar entrar o aire do gozo co que minimizarmos o risco meirande: o de confinar o coñecemento nunha disciplina distópica.

Nesta programación intentamos dar conta do esforzo do Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Pino Manso do Porriño por deseñar un plan de actividades complementarias e extraescolares para ao alumnado desde a precariedade da falta de medios materiais, económicos, espaciais e físicos que a pandemia trouxo cara a esta nosa nova normalidade que ten tanto de nova e tan pouco de normal. É por iso que as actividades están pensadas case sempre contando a priori co protagonismo dun alumnado que vai ter que ser non só receptor do que outras entidades produzan (conferenciantes, compañías de teatro, grupos de música, roteiros turístico-culturais, ...), senón, e sobre todo, produtor principal das súas propias estratexias para complementar o estudo da Lingua e a Literatura Galegas de maneira lúdica en todos os niveis.



IES Pino Manso

ACTIVIDADES	CURSOS						TEMPORALIZACIÓN
	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBACH	2ºBACH	
1 Canteira das Letras							Todo o curso
2 Diario 2021							Segundo trimestre
3 Mirando Letras							maio
4 Micro Aberto							Semana das Letras (maio)
5 Club de Lectura BD							Todo o curso 1º martes do mes
6 Concerto							Semana das Letras
7 Contacontos							Cando se poida
8 Cinema							Cando se poida
9 Teatro							Cando se poida
SAÍDAS OU VISITAS DIDÁCTICAS				De nós a nós (en liña)			xaneiro
					Padrón		febreiro
		Poetizándonos	Celanova			ESAD (en liña)	marzo
	Correlingua						maio

1. **Canteira das Letras:** Con este título inspirado na realidade socioeconómica do concello do Porriño, facemos referencia a un ciclo, por breve que sexa, de conferencias emitidas por escritoras e escritores dos libros de lectura obrigatoria e dos libros de lectura recomendada que figuran na Programación Didáctica do Departamento de Lingua Galega e Literatura. As datas e os nomes destas autoras e autores fican por determinar, á espera de coñecer cales foron as lecturas que máis gustaron entre o alumnado. Do mesmo xeito, tamén fica por determinar o formato destas parolas, pois existe a posibilidade de que algunha das persoas convidadas poidan facer a súa visita en liña, o que favorecería a celebración da actividade para grupos amplos de alumnado sen necesidade de se desprazaren ao Salón de Actos. Sería especialmente interesante, con todo, e dado que se lle que quere dar un espazo especial á poesía, a presenza, dentro deste ciclo, do poeta e divulgador Carlos Negro.

2. **Diario 2021:** Con motivo da celebración do centenario da viaxe de Castealo por Europa, que deu como resultado un diario no que o rianxeiro se facía eco das últimas tendencias artísticas vertendo a súa persoal opinión con total liberdade, deseñamos esta actividade co obxectivo de que alumnado tome conciencia do carácter instrumental da lingua galega, e que se acostume a utilizala para falar das realidades máis contemporáneas, tecnolóxicas, dixitais e avanzadas, contribuíndo así a derrubar certos prexuízos aínda moi presentes na xuventude (e na sociedade en xeral) sobre a vinculación da lingua coa terra e co mundo rural.

Durante todo o segundo trimestre, o alumnado terá que realizar un diario individual e libre no que vaia vertendo as súas opinións sobre calquera manifestación artística do seu interese (series, estilos musicais, moda, bailes, deportes urbanos, etc.) que non



IES Pino Manso

terá que estar expresada necesariamente en lingua galega. No último mes, cada alumno/a seleccionará aqueles contidos do seu diario que máis lle gusten. Deixamos aberta a opción de que este diario non sexa só escrito, senón que tamén pode estar elaborado mediante vídeos autogravados polo alumnado ou outros formatos. O resultados mellor elaborados serán publicados nun blog da web do centro durante o terceiro trimestre.

3. Mirando Letras: Partindo da tradicional maneira de celebrar o Días das Letras entre o alumando de Primeiro Ciclo da ESO, quixemos facer unha pequena actualización dándolles a oportunidade de realizaren traballos visuais que vaian máis alá da ilustración biográfica, de xeito que os animemos a elaboraren deseños dixitais, memes, vídeos de tik-tok e modalidades semellantes coas que celebrarmos a figura homenaxeada no ano 2021 (que na altura da redacción desta programación aínda está por determinar).

4. Micro Aberto: Aproveitando a instalación de megafonía en todo o centro, o día da celebración das Letras (entre o luns 10 ao venres 14 de maio) reservaremos un espazo (unha hora aprox.) para que as persoas que queiran se poidan achegar ao micrófono a ler textos propios ou alleos en lingua galega. Se finalmente podemos contar nesa festa coa celebración dun concerto, tamén cabe a posibilidade de que o Micro Aberto se celebre utilizando os medios sonoros propios do grupo musical. Para a celebración desta actividade contaremos coa implicación especial de todo o profesorado do Departamento á hora de planificar con anterioridade a elaboración de textos de diversas modalidades mais que posúan todos eles potencialidades orais. A escolla de ditas modalidades 6 (poemas, cancións, himnos, rimas, regueifas, coplas, relatos, diálogos, etc.) fica aberta á espera das concrecións feitas pola devandita implicación docente.

5. Club de Lectura BD: (Actividade Extraescolar) Club de Lectura centrado exclusivamente nos libros de Banda Deseñada dispoñibles na biblioteca do centro. Celebrarase o primeiro martes de cada mes de 15:30 a 16:30. Estará coordinado polo Profesor Roi Vidal Ponte. Máximo de prazas: 10. O alumnado interesado debe anotarse nunha listaxe durante a última semana de decembro.

Actividades 5, 6, 7 e 8. Estas actividades implican a participación de empresas e de profesionais alleos ao centro e ao departamento. Este motivo obríganos a ter cautela a hora de contratar, pois as actuais circunstancias socio-sanitarias impiden e dificultan a celebración deste tipo de eventos coa limitación de aforo e a imposición de medidas de seguridade hixiénica. Deixamos xa que logo aberta esta posibilidade, mais ficamos á espera de coñecer de primeira man a evolución da pandemia nos meses posteriores. Para as actividades de visionado dun filme, poderemos botar man do catálogo de curtametraxes dispoñible na plataforma fiestra.gal, a través da cal a



IES Pino Manso

Academia Galega do Audiovisual ofrece actividades pensadas para traballar os contidos transversais en secundaria e bacharelato .

Saídas didácticas

- De nós a nós: Visita en liña a exposición da Cidade da Cultura que conmemora o centenario da fundación da revista Nós. Queda reducida aos grupos de 4º da ESO por ser este o primeiro nivel no que se traballan de maneira específica estándares relacionados co Grupo Nós e coa revista do mesmo nome.
- Visita á ESAD: A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, situada en Vigo, organiza este tipo de actividades co obxectivo de informar ao alumnado dos últimos cursos da súa propia existencia e das características dos seus plans de estudos. A visita pode ser de diversos xeitos: visita de docentes da ESAD ao Pino Manso, visita de alumnado do Pino Manso á ESAD, ou visita virtual (por confirmar).
- Correlingua: Saída orientada ao alumnado de 1º de ESO. En cooperación co Equipo de Dinamización Lingüística.
- Poetizándonos: Saída orientada ao alumnado de 2º de ESO. Trataríase dun roteiro polas cercanías do centro (A Risca?) co obxectivo de darlle ao alumnado a oportunidade de ter unha experiencia poética coa natureza. Tería como resultado tanxible a elaboración de poemas por parte das participantes e un recital a celebrar nunha data aínda por determinar.
- Saída a Celanova: Orientada a alumnado de 3º de ESO, esta saída á cidade natal de Curros Enríquez está programada para enriquecer os contidos relacionados co Bloque de Educación Literaria.
- Saída a Padrón. Visita do alumnado de 1º de Bacharelato á Casa Museo de Rosalía de Castro para reforzar os estándares do Bloque de Educación Literaria relativos ao século XIX.

DEPARTAMENTO MATEMÁTICAS

- Participación na actividade "Matemáticas nos camiños de Santiago" para alumnado de 2º da ESO
- Participación no programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC" para alumnado de Bacharelato.



IES Pino Manso

- Asistencia aos Obradoiros para alumnos en Vigo de IMATXINA 2021 (para o alumnado de 1º de ESO)
- Organización concurso fotografía matemática a nivel de centro.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

No presente curso, moitas das actividades tanto complementarias como extraescolares que ven desenvolvendo o departamento nos últimos anos vanse ver probablemente dificultadas pola situación creada pola pandemia. A limitación de aforos, os protocolos que prohiben xuntar a máis dun grupo, etc... van complicar a organización de saídas, visitas a exposicións, festivais, etc, así como a participación en proxectos interdisciplinares dentro do mesmo centro, en horarios e espazos distintos aos habituais.

De tódolos xeitos, e confiando nunha evolución positiva da situación que permita, cando menos cara ao final do curso, relaxar as medidas e os protocolos que hoxe en día enmarcan o desenvolvemento do curso, suxerimos as seguintes propostas de actividades:

- Debuxo, fotografía e intervencións en espazos comúns do centro (nomeadamente e sempre que o tempo o permita no patio) como método para reducir as horas de permanencia en lugares pechados. Así, por exemplo, neste primeiro trimestre os alumnos de 1º e 2º de BACH van recibir un **Obradoiro de Graffiti** pintando un dos muros exteriores do centro.

Cursos: 4º E.S.O., 1º e 2º BACH.

- Realización de contidos audiovisuais nos que facer partícipes ao maior número posible de estamentos do centro (biblioteca, normalización, profesorado, alumnos, persoal non docente...), experimentando con distintas técnicas e distintos recursos a aventura de rodar un corto, un videoclip, un documental,...etc. Estes contidos realizaránse, sempre que sexa posible, dentro do horario e das instalacións propias do centro. En concreto, salientamos a participación do departamento tanto na organización como no desenvolvemento do concurso **"Recoméndoches un libro"**, organizado en colaboración con, entre outros, a Biblioteca Neira Vilas ou o Festival de Cans, e que este ano, probablemente se realice de xeito non presencial.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: ies.pinomanso@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

IES Pino Manso

Cursos: 1º/4º E.S.O.

- **Visitas** ás exposicións artísticas temporais que se organicen na contorna (Centro Cultural de O Porriño, MARCO de Vigo...) e que amosen interese para o desenvolvemento da materia.

Cursos: 1º/2º BACH (Debuxo artístico).

- **Saídas** "Debuxamos/ fotografamos a contorna". Trataríase de pequenas excursións realizadas a pé, e cando o clima o permita, a lugares como o monte da Risca ou o centro urbano de O Porriño para sacar apuntes ou realizar reportaxes fotográficas.

Cursos:

Fotografía: 4º ESO (Ed. Plástica)

Debuxo: 1º BACH (Debuxo Artístico)

- Visita/ participación nalgunha das actividades programadas polo **Festival de Cans**.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

A actual situación sanitaria limita nun alto grado as posibilidades de actividades extraescolares e complementarias, e a incertidume neste comezo de curso acerca do que poida suceder no futuro fai moi complicado elaborar un programa fiable neste apartado. Así e todo, presentamos unha serie de actividades que se tratarán de levar a cabo se as circunstancias o permiten. As actividades que se propón realizar este Departamento para o curso 2020-2021 sonas seguintes:

- Visita ao centro do autor dalgún dos libros de lectura escollidos polo departamento. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID-19, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.
- Participación nalgún concurso literario, ben externo ben convocado dentro do propio centro.
- A asistencia a algunha obra de teatro no centro ou fóra dependerá das datas, programación cultural, prezos e, sobre todo, situación sanitaria. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID-19, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.
- Actividades para conmemorar o Día do libro o 23 de abril.
- Actividades para conmemorar o Día da Poesía o 21 de marzo.
- Actividades para conmemorar o Día do Teatro o 27 de marzo.



IES Pino Manso

- Taller de técnicas dramatización para alumnos de Oratoria (hai no centro un docente especializado en teatro que podería impartilo).
- Concurso de Fotorrelatos en colaboración co Departamento de Plástica.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Como complemento ás diversas actividades teóricas e prácticas, no presente curso académico temos previsto realizar as seguintes propostas de actividades complementarias e saídas extraescolares, **sempre e cando a situación sanitaria o permita**:

- Saídas ao Campus Universitario de Vigo.

Visitas de orientación do alumnado de 2º curso de Bacharelato de Ciencias , a coñecer algunha(s) facultade(s) das titulacións de Ciencias sitas no campus de Vigo.

Para o alumnado matriculado na materia de Química está concertada unha visita á **facultade de Química** na que o alumnado terá a oportunidade de realizar unha práctica nun dos laboratorios da facultade.

Participación do alumando de 1º e 2º de Bacharelato nuns talleres que prepara a **Escola de Enxeñería de Minas**, o longo de unha mañá en sesións de dúas horas. Esta actividade pretende promover a curiosidade do alumnado polas ciencias e a natureza motivando ao aprendizaxe sobre gran variedade de disciplinas científicas.

- Visita aos Museos da Coruña.

Saída de unha xornada programada para o alumnado de 3º curso da ESO, que combina a visita a dous dos museos sitos na cidade da Coruña: *Casa das Ciencias / Domus*.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Obradoiro de crêpes: 1º e 2º da ESO

VICEDIRECCIÓN

Ademáis de coordinar as actividades organizadas ou propostas polos departamentos, dende Vicedirección, en colaboración cos departamentos, organizaranse e facilitarase



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: ies.pinomanso@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

IES Pino Manso

o desenvolvemento doutras actividades complementarias e extraescolares. Cómpre sinalar que a organización das mesmas estará condicionada á situación sanitaria en relación á COVID 19:

- Celebración do Entroido.
- VII Edición do festival TI SI QUE VALES (interpretacións musicais, bailes, beat box, breakdance... a cargo do alumnado).
- Participación de alumnado de 1º ESO no Pleno Infantil do Concello do 20 de novembro (telemático), coas sesións de formación previa ofertadas dende o concello a través da OMIX.
- Sesión de Planetario e Cine 360º: A orixe da vida (actividade telemática, ofertada dende a Concellería de Educación a través da OMIX).
- Obradoiro de grafitti "O PINTAMUROS" para alumnado de Debuxo Artístico, ofertado polo Concello do Porriño.
- XI Xornadas informativas de CARNÉ XOVE, en colaboración coa OMIX.
- Charlas do programa A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC, para alumnado de 4º de ESO e Bacharelato.
- Propostas da ANPA, tanto para o alumnado como para as familias.
- Propostas da Biblioteca Municipal do Porriño.
- Propostas do Concello do Porriño e da OMIX do Concello.
- Actividades en datas conmemorativas: Día internacional da eliminación da violencia contra a muller (25 de novembro), Día internacional da muller e da nena na ciencia (11 de febreiro), ...
- Outras propostas que aparezan ao longo do curso e sexan de interese para o alumnado.

A valoración das actividades por parte do profesorado farase a través de cuestionarios ou de maneira oral e a valoración por parte do alumnado sobre todo utilizando cuestionarios ou círculos restaurativos. As actividades que repetimos ano tras ano por coñecer o seu bo funcionamento xa non entraremos a valoralas.